



Delirium tremens

“A man que che dá de comer non debes morder... e, por *decencia*, tampouco lamber”, reza o refrán popular, ampliado ó efecto para ocasión.

O Sr. Gago, propón honrar ó Conselleiro de Política Territorial como “*Fillo Adoptivo*” porque, á Alcaldía, “*non lle cabe a menor dúbida de que Xosé Cuiña vense dedicando de xeito permanente e continuado a promove-lo ben material*” de Vilagarcía.

Acóllese ó Regulamento que fixa as normas para a concesión de honores e distincións a aquelas persoas que polas súas *especiais virtudes e méritos* fáganse acreedoras diso.

Para o BNG, visto desde principios progresistas, resulta inconcibible que se adopte unha medida que tende a consagrar na opinión pública, de facto, *políticas de servilismo clientelar*, denunciadas pola mesma Corporación a respecto da evidente discriminación que a Xunta de Galicia somete o Concello de Vilagarcía, privándonos de obras e infraestruturas imprescindibles, que por xustiza nos corresponden; actitude máis sangrante si ollamos para as actuacións e obra pública realizada noutros lugares do noso entorno. A limitada iniciativa ou escasos investimentos que se teñen realizados no decenio pasado, non son por *graciosa concesión* do Conselleiro Cuiña, *a golpe de talonario con recursos públicos*, senón que actuacións que por necesidade e xustiza corresponden a Vilagarcía; manifestamente insuficiente para dotarnos de recursos imprescindibles para acadar o “*ben material*” que nos corresponde por pleno dereito.

¿Acaso é necesario entrar nunha *dinámica de “tributar pleitesía ó Conselleiro”* para que se faga unha política de distribución de recursos equitativa e non *discriminatoria por razón de afinidade política*?

O propio Conselleiro, *por dignidade institucional* non poder aceptar unha distinción que, sensu contrario, evidenciaría precisamente unha actitude política perversa que bebe do *nepotismo*, caracterizado por unha actuación inxusta e discriminatoria.

Mais alá das reaccións primarias e pouco calculadas, como forma de actuar en política, non podemos compartir o criterio de que “*todo vale*”, *con tal de acadar algunha obriña máis*. Certamente, o Conselleiro Cuiña como tal, non é o *modelo edificante* que poida promoverse, como exemplo de conducta. Por sorte, Vilagarcía conta con outras persoas, *cruelmente esquecidas*, que sí son merecentes de ser recoñecidas e honradas pola súa dedicación altruísta a causas de interese público.

Mírese por onde se mire, o Alcalde Gago *pasouse de vez moitas estacións* de máis, na vía do *sentidiño común* que deben percorrer as relacións institucionais a respecto das persoas que ocupan funcións de relevancia no mundo da Administración Pública. Lamentablemente o BNG, é a *única voz discrepante con esta forma de actuar*.

Xosé Castro Ratón.